



# BANDO DA ALCALDÍA

## ASUNTO. – PRAGA DE POLILLA ASIÁTICA DO BUXO OU PAPABUXO.

Dende o ano 2014 Galicia ven sufrindo unha praga de "Cydalima Perspectalis", coñecida popularmente como a "polilla asiática do buxo" ou "papabuxo".

Trátase dunha especie invasora procedente de Asia, que foi localizada por primeira vez en Europa no 2006, concretamente en Alemania; chegando no 2014 ao noso país.

Coa chegada da primavera comeza o ciclo vital desta especie, que se estende de abril a setembro. Tras pasar o inverno aletargadas, as eirugas despertan co bo tempo e se alimentan vorazmente das follas para formar despois un "capullo" sedoso e transformarse en polillas. Cando xa son mariposas, se aparean e fan postas de ovos no interior das follas, das que nacen novas eirugas.

O problema é que se reproducen moi rápidamente, xa que ese ciclo pode chegar a repetirse tres ou catro veces dende a primavera ata o outono e ademáis, en Galicia, non conta con depredadores naturais.

Dende o Concello de Pontedeume, levamos 4 anos, tratando os buxos das distintas zonas verdes, aínda que este ano, a diferenza doutros, a súa presenza foi moito máis virulenta.

O último tratamento realizouse o pasado día 30 de abril e na vindeira semana procederase a dar o seguinte, xa que coas fortes choivas destes días, non era aconsellable, segundo se nos trasladou por parte de empresa especializada.

O que se fai saber aos efectos oportunos.

En Pontedeume, a 21 de maio de 2024

O Alcalde,  
Bernardo Fernández Piñeiro.